



JORGE MEIS / A.G.N.

Victorino Pérez Prieto 'Este século XXI vai ser cada vez máis místico'

L.R.L.

N' *Os ríos pasan cheos de Deus*, Poesía relixiosa en galego (Noia, Editorial Toxosoutos, 2007), o escritor e teólogo Victorino Pérez Prieto fai unha exhaustiva escolma da poesía espiritual en Galiza dende o medievo até os nosos días. Cal foi o seu criterio á hora de seleccionar o material?

A relación entre cristianismo e galeguismo é unha das teimas do meu traballo dende hai moito tempo. Isto cristalizou xa en varios libros coa relación entre galeguismo e cristianismo, e entre ecoloxismo e cristianismo... A respecto disto último, publiquei un traballo que leva por título un verso do Himno: *Dei teo verdor cinguido*. *Ecoloxismo e cristianismo* (Espiral Maior, 1997), no que busco a relación necesaria da relixión coa ecoloxía. Por outra banda, sempre me gustou a poesía, tanto polo goce estético en si, como polo feito de que a poesía, como todas as artes, sérvonos para expresar o inexpressábel; particularmente o Misterio,

a Divindade, Deus. O punto de partida foi o traballo para outros dous libros meus anteriores: *Cristiáns e galeguistas* (Irimia, 1994), e *Galegos e cristiáns* (Galaxia, 1995), que atenden ao que significou Galiza para o cristianismo e tamén que significou a relixión para o galeguismo. Non só no pensamento e no compromiso social, senón na expresión literaria.

Poesía relixiosa, que non necesariamente cristiá?
Habitualmente téndese a un concepto moi restrinxido do que é "poesía relixiosa". Pero esta non é só a que pretende expresar a realidade divina, senón tamén a que busca o Misterio ou sente a súa ausencia, chámeselle Deus ou non... e a que anda á procura da fondura de Realidade. Esta poesía relixiosa non é necesariamente cristiá de modo específico. Por iso, penso que pode conectar coa realidade de máis actual: este século XXI vai ser cada vez máis místico, sempre que se comprenda que hai mística dentro e fóra das relixións. Mesmo

hai mística na ciencia, particularmente na física cuántica, onde ás veces as palabras non lle abondan ao científico para expresar o que quere dicir.

Por que restrinxiu o seu traballo á poesía culta (aínda que moitos dos autores recuperan o acervo popular)?

Aínda que non está ausente no meu libro a poesía popular, sobre todo por medio da riqueza das panxoliñas dos cantores de Nadal e outros poemas, fixen máis énfase na poesía culta, libresco, non por desprezo do popular, senón porque me interesaba manifestar a realidade pluritemática e pluriforme da poesía relixiosa en galego. E tal e como é corpus literario galego, podería crear un libro de máis de 1.000 páxinas, pero centreime en buscar unha poesía que respondese ás inxerencias das fondas do ser humano aquí e agora, dende un rexistro amplo.

Chama a atención tamén a presenza, na antoloxía, do corpus portugués...

Nos Séculos Escuros, o galego tivo que calar na Galiza durante moitos anos, mentres no sur, en Portugal, seguiu un camiño vizoso. Pareceme unha actitude moi pobre non contar coa riqueza desa poesía portuguesa; particularmente cando nos séculos XIV-XVII, a topamos auténticas maravillas que non desmerecen do Século de Ouro da literatura española. Sorprende tamén como, nas últimas décadas, autores moi críticos coa Igrexa non renuncian á espiritualidade, como o propio Celso Emilio Ferreiro.

En non só Celso Emilio, Manuel María e outros autores que non aturaban a actitude de gran parte dos cregos da Igrexa do seu tempo, polo seu carácter represor, por renunciar a lingua... non deixan de escribir unha poesía relixiosa que lles sae de moi fondo. Mesmo, algún poeta tan pouco relixioso como Lorenzo Varela, ten poemas como "O Cristo da liberdade", tremendamente suxectivo; a autores como Bernar-

dino Graña, que non se consideran creadores de poesía relixiosa, atópanse poemas que si poden considerarse relixiosos, no sentido amplo en que falei antes. Se o lector se achega a este libro sen prexuízos, gozará con el. Aínda que poida valer para orar, non é un libro para a devoción, é, sobre todo, un libro de poesía.

Como nace esa relación entre a identificación cos oprimidos e a iconografía relixiosa (moi clara en poemas de Celso Emilio como "Noite boa en Harlem" e "Belén, Ano Cero")?

Na relixión cristiá está moi presente a vea ética: non se pode ser cristián se non se busca a xustiza, a solidariedade cos asoballados. Así o entenderon moitos poetas galegos, entre os máis recentes, Xosé Carlos Gómez Alfaro ou Xosé Antón Miguélez Díaz, por exemplo.

E como se asenta a relación entre natureza e relixión? Ten que ver co panteísmo oteriano?

Esa é unha das características fundamentais non só da poesía, senón de toda a literatura galega. É o caso de Otero Pedrayo, por exemplo, persoa fondamente galeguista e crente, que tiven a sorte de coñecer, ademais de estudar para o meu libro sobre a Xeración Nós. El non é propiamente panteísta, no sentido de reducir a Deus á natureza, senón que, vendo a Deus nesa natureza, é tamén quen de velo como alguén que transcende a esta.

A este respecto, destaca tamén o eclecticismo dos autores galegos á hora de investigar outras mitoloxías, culturas e relixións...
Si, particularmente, un autor como Eduardo Moreira, cunha fonda identificación co budismo, sen abandonar o cristianismo. Ten dous poemas no libro: "Os nobres careiros", nesa liña budista, e "O meu eido", un poema onde se sitúa a carón dunha cruz; un exemplo profundamente expresivo de que se poden ter intervencións relixiosas dende distintas tradicións.

Por último, hai un estilo recorrente na poesía relixiosa? Un simbolismo, o emprego do apóstrofe lírico, unha métrica que imite ás pregarías...

Hai, pero dáse o mesmo unha fórmula que imita esas expresións como outra totalmente antagónica: a poesía relixiosa non está pechada nun estilo, hai unha máis realista e outra máis simbólica, emprega alegorías e fórmulas dun tipo ou doutro. O poeta é o que escolle unha expresión formal ou outra para manifestar o que sente. ●